

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

*ORDE do 26 de xuño de 2018 pola que se procede á segunda convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas (código de procedemento TR301P).*

A través da Orde do 31 de decembro de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* do 5 de febreiro de 2018), a Consellería de Economía, Emprego e Industria estableceu as bases reguladoras e convocou axudas para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas, e na dita orde preveuse a realización de múltiples convocatorias.

Esta segunda convocatoria axústase aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión das axudas e subvencións, así como ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Consecuentemente con todo o anterior, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I  
**Disposicións xerais**

Artigo 1. *Obxecto da convocatoria*

1. Esta orde ten por obxecto proceder á segunda convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para o financiamento das accións formativas para o emprego con compromiso de contratación en unidades formativas nas empresas e da actividade laboral asociada, dirixidas ás persoas traballadoras desempregadas, a través do programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR301P).

As bases reguladoras desta convocatoria son as que constan na devandita Orde do 31 de decembro de 2017 coas especificacións que se establecen nesta orde.



**Artigo 2. Orzamentos**

1. As axudas recollidas nesta orde de convocatoria financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, que figuran nos estados de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 2018:

Aplicación	Código proxecto	Importe anualidade 2018	Importe anualidade 2019
09.41.323A.471.0	2013 00545	200.000 €	1.600.000 €

2. O crédito excedente desta convocatoria poderase, incorporar ao crédito asignado a convocatorias futuras.

Estes créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento de crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación, incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

**Artigo 3. Solicitudes e prazo**

As solicitudes axustaranse ao establecido nas bases reguladoras.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

**Artigo 4. Data de inicio e fin das accións formativas. Prazos de xustificación**

1. A data de comezo das accións formativas figurará na solicitude e non poderá ser anterior á data resultado de engadir tres meses á data de finalización do prazo límite de presentación de solicitudes.

2. O remate das accións formativas terá como data límite o 30 de setembro de 2019 e, en todo caso, respectará os prazos de xustificación establecidos no artigo 33 da Orde do 31 de decembro de 2017.



Excepcionalmente, por causas xustificadas que xurdan despois da data de resolución, e sempre logo de autorización da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, as accións formativas poderán rematar, como máximo, o 30 de outubro de 2019.

Disposición adicional única. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos basease no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderanse fundamentar no consentimento das persoas interesadas, e esta circunstancia reflectirase no dito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia con finalidade estatística e dun eficaz tratamento tecnolóxico da información.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da orde*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral para que dite, no ámbito da súa competencia, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2018

Francisco José Conde López  
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria




**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-A

PROCEDEMENTO		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
ACCIÓNS FORMATIVAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE ÁS PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS		<b>TR301P</b>	<b>SOLICITUDE</b>
<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>			
RAZÓN SOCIAL			NIF
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ. ANDAR PORTA
PARROQUIA		LUGAR	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<b>E NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>			
Notifíquese a: <ul style="list-style-type: none"> <li style="margin-right: 20px;">• Persoa ou entidade solicitante</li> <li>• Persoa ou entidade representante</li> </ul> Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal ( <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> ). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:			
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO	
<b>DATOS BANCARIOS</b>			
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.			
TITULAR DA CONTA		NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)	
		IBAN	
<b>DATOS DA PERSOA DE CONTACTO PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<b>SUBVENCIÓN SOLICITADA</b>			
Solicítanse as accións formativas que se relacionan a continuación por orde de preferencia:			
ESPECIALIDADE FORMATIVA		CÓDIGO DA ESPECIALIDADE COMPLETA OU DOS MÓDULOS FORMATIVOS SOLICITADOS	

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

CVE-DOG: sq02n5c3-5e80-ehw4-qrm5-8izyzaqfj3




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO I-A**  
 (continuación)

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Que coñece as estipulacións da presente orde, que cumpre os requisitos sinalados na orde que regula, que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto da subvención indicada e que consente a cesión de datos para os efectos previstos nesta convocatoria.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

- Ficha do curso de formación profesional para o emprego (anexo I-B).
- Compromiso de contratación asinado pola persoa ou persoas representantes da empresa ou empresas vinculadas inicialmente no proxecto presentado.
- Convenio ou acordo coa/s empresa/s na/s que realizará/n o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas incluídas no certificado de profesionalidade.
- Relación detallada de dotacións e equipamentos, medios materiais que se van utilizar no seu desenvolvemento e unha descrición das aulas e talleres, xuntando planos.
- Programa formativo elaborado pola propia entidade seguindo a maqueta que figura como anexo IV da Resolución do 12 de marzo de 2010, do Servizo Público de Emprego Estatal.
- Informe motivado da necesidade de impartición da especialidade formativa solicitada.
- Importe da subvención económica solicitada en función do número de alumnos para os cales se solicita o proxecto formativo.
- Convenio entre as partes para solicitude conxunta.
- Comprobación de datos para pluralidade de solicitantes (anexo I-C).

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude, en nome e representación da entidade.			
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para asinar o convenio, en nome e representación da entidade.			

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.

DNI/NIE da persoa representante

NIF da entidade solicitante

Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT

Certificado de estar ao día no pagamento a Seguridade Social

Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias a Atriga

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e dos contidos da carpeta cidadá.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>
Actualización normativa:	no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIAANEXO I-A  
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 31 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á primeira convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas e dos incentivos á contratación.

Orde do 26 de xuño de 2018 pola que se procede á segunda convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas (código de procedemento TR301P).

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,

de

de

galicia

MINISTERIO  
DE EMPLEO  
Y SEGURIDAD SOCIALSERVICIO PÚBLICO  
DE EMPLEO ESTADAL

Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-B

**FICHA DO CURSO DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO**
**DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CURSO**

ESPECIALIDADE FORMATIVA SOLICITADA		CÓDIGO <sup>(1)</sup>	
NÚMERO DE CURSO			
COMARCA	MÓDULO	U.C.	
CENTRO DE IMPARTICIÓN		Nº DE CENSO	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	OFICINA DE EMPREGO A QUE PERTENCE O LUGAR DE IMPARTICIÓN	

(1) Da especialidade completa e, de ser o caso, dos módulos formativos solicitados  
 NOTA: non se escribirá nos espazos sombreados.

**DURACIÓN DO CURSO**

DATA DE INICIO	HORAS PRÁCTICAS	HORAS TOTAIS	HORARIO PREVISTO	TOTAL DÍAS LECTIVOS

**MÓDULOS TRANSVERSAIS**

Indíquese que módulos transversais dos incluídos no artigo 46 se van impartir neste curso.

MÓDULOS TRANSVERSAIS	DENOMINACIÓN

**REALIZACIÓN DE MÓDULO DE PRÁCTICAS NON LABORAIS**

No suposto de que a acción formativa se corresponda cun certificado de profesionalidade, declárase:

- 
- Que as prácticas se realizarán na propia entidade e, polo tanto, non é necesaria a sinatura dun convenio con terceiras partes.



**COMPROMISO DE CONTRATACIÓN**

- 
- SI
- 
- NON

En caso afirmativo, indíquese:

Nº DE ALUMNOS TOTAIS DO CURSO

Nº DE ALUMNOS QUE SE VAN CONTRATAR

<b>PERSOA DE CONTACTO RESPONSABLE DO CURSO</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
CARGO			
TELÉFONO	TELÉFONO 2	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
			

Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-C

PLURALIDADE DE PERSOAS SOLICITANTES

TR301P - ACCIÓNS FORMATIVAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE ÁS PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

De conformidade co artigo 66.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando as presentacións correspondentes a unha pluralidade de persoas teñan un contido e fundamento idéntico ou substancialmente similar, poderán ser formuladas nunha única solicitude. Neste sentido, as persoas que figuran nesta relación autorizan a presentación da solicitude por medio da persoa solicitante indicada. Así mesmo, as devanditas persoas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación:

RAZÓN SOCIAL	NIF	COMPROBACION DE DATOS	SINATURA
		Os seguintes datos das persoas interesadas serán obxecto de consulta ás administracións públicas: DNI/NIE da persoa representante NIF da entidade solicitante Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Atriga	
		DNI/NIE da persoa representante NIF da entidade solicitante Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Atriga	
		DNI/NIE da persoa representante NIF da entidade solicitante Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Atriga	
		DNI/NIE da persoa representante NIF da entidade solicitante Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Atriga	
		DNI/NIE da persoa representante NIF da entidade solicitante Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Atriga	

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS







XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-C  
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e dos contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>
<b>Actualización normativa:</b> no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

Lugar e data

\_\_\_\_\_ , \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_



Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS